



Resolución do conselleiro de Sanidade, de data 20 de marzo de 2020, pola que se establecen medidas en relación cos establecementos de Odontoloxía e Estomatoloxía.

Con data 15 de marzo de 2020, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ditou resolución pola que se da publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG nº 51, do 15 de marzo).

O Consello Galego de Odontólogos e Estomatólogos, mediante comunicación do 20/3/20, solicitou expresamente que se declarase oficialmente o peche das clínicas de Odontoloxía e Estomatoloxía en todo o territorio, restrinxindo a actividade unicamente ás urxencias imprescindibles e inescusables.

A citada corporación profesional consideran que debe acordarse o peche dos establecementos de para evitar posibles contaxios e para non contribuír a incrementar a falta de subministración de material sanitario necesario noutros niveis asistenciais e para garantir a seguridade dos pacientes e do persoal que presta servizos nos citados centros; criterio que compartimos plenamente desde a Comunidade Autónoma de Galicia.

Por tal motivo, de conformidade co previsto no artigo 4.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, temos solicitado formalmente ao Ministerio de Sanidade en tanto que autoridade competente delegada, declare con carácter xeral o peche dos establecementos privados de odontoloxía e estomatoloxía, limitando a atención aos tratamentos urxentes ou inaprazables.

Por tal motivo, e no exercicio das facultades conferidas no artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 3 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade,

ACORDO

- 1.- Comunicar ao Ministerio de Sanidade a petición formulada polo Consello Galego de Odontólogos e Estomatólogos, en cumprimento do disposto no artigo 4.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- 2.- Acordar, a solicitude da organizacións profesional, o peche dos centros e establecementos de Odontoloxía e de Estomatoloxía en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, restrinxindo a actividade unicamente ás urxencias imprescindibles e inexcusables nas situacións onde a actuación urxente destes/as profesionais sexa fundamental para a evolución dos/as pacientes.

O conselleiro de Sanidade

Jesús Vázquez Almuiña

